

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 28/07/2022.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e seis minutos do día vinte e oito de xullo de dous mil vinte e dous, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria que da fe do acto.

Non asisten: (xustificando a ausencia):

D. Daniel Ríos Fernández

D. Luis Pena Mosquera

A Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 30/06/2022

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

SESIÓN ORDINARIA 30/06/2022

(Expediente TEdE: 2022/G006/000176)



Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 30/06/2022

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 30/06/2022

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; 1 voto a favor da concelleira do Grupo Municipal do BNG D^a Rocío Souto Torre; **e 1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D^a Ángela Piñeiro Carrera, por non estar presente na sesión do 30/06/2022, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 30/06/2022

SEGUNDO.-Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- ASIGNACIÓN DE NOVOS USOS ÁS “LONXAS DE RAXOI”

A Secretaria Xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 22 de xullo de 2022.

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 22 DE XULLO DE 2022

EXPDTE: 2022/G012/000014

SESIÓN Nº: 49/2019-2023

2.- ASIGNACIÓN DE NOVOS USOS ÁS “LONXAS DE RAXOI

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASIGNACIÓN DE NOVOS USOS ÁS “LONXAS DE RAXOI”

Expediente: **2022/U032/000002**

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta o anteproxecto para a **“REHABILITACIÓN E ASIGNACIÓN DE NOVOS USOS DAS “LONXAS DE RAXOI”**, redactado polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez o 09/06/2022, documento con rexistro de entrada 202299900000920 de 9/06/2022.

O obxecto do proxecto é o de mellorar e revitalizar o uso das antigas lonxas/almacéns de peixe, que actualmente non dispoñen de uso algún e que, agora en mal estado de conservación. O principal motivo do proxecto é a rehabilitación do seu volume, tanto no interior coma polo exterior, co fin de conservalas e ao mesmo tempo, posibilitar a xeración de novos usos naquelas, que consoliden a súa utilidade como elemento rexenerador e funcional. Uns novos usos que van dende o coworking, locais sociais, espazos museísticos e locais de promoción de produtos locais, que xerarán dinamismo tanto no interior como no exterior do edificio patrimonial.

Logo de ver o informe técnico de data 09.06.2022, relativo ao dito anteproxecto, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“...//...2 VIABILIDADE URBANÍSTICA:

Os usos propostos para a rehabilitación do edificio son os seguintes:

- Coworking (290m² útiles): uso terciario xeral, clase comercio, categoría 1^a
- Locais sociais (144,50m² útiles): uso dotacional, clase sociocultural, categoría 4^a
- Museo (191,20m² construídos): uso dotacional, clase sociocultural, categoría 3^a
- Local de promoción de consumo de produto local (137,05m² útiles): uso terciario xeral, clase comercio, categoría 1^a

O PXM establece como o uso de equipamento comercial, polo tanto, en aplicación do art. 42.5 da LSG deberase incluír como uso permitido o dotacional sociocultural: “O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipos ou dotacións públicas por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42. A efectos do disposto neste número, entenderase que teñen tamén a condición de equipos ou dotacións públicas os que sexan de titularidade pública, aínda que non figuren no plan urbanístico con tal condición.”

Deberase xustificar a normativa de aplicación (CTE, accesibilidade, PXOM, ect). Respecto os usos plantexados, cumprírase e xustificárase o establecido no PXOM nos art. 4.8.12.1.3.; 4.8.10.1; 4.8.12; 4.9.6. ...//...”

Por Decreto nº 401/2022 de 09/06/2022 resolveuse, entre outros:

“PRIMERO.- Solicitar una subvención al Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, en virtud de la “Orden TMA/178/2022, de 28 de febrero, por la que se aprueban las bases reguladoras de la concesión de ayudas para la rehabilitación de edificios de titularidad pública y la convocatoria para la presentación de solicitudes por el procedimiento de concurrencia competitiva en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia”, (BOE n.º 11.03.2022), por importe de 1.171.970,32 euros, para la realización de la actuación: “REHABILITACIÓN Y ASIGNACIÓN DE NUEVOS USOS DE LAS “LONXAS DE RAXOI”, conforme al anteproyecto elaborado por el arquitecto Oscar Sánchez Martínez, firmado



digitalmente en fecha 09.06.2022, con un presupuesto total de 1.621.200,27 €, documento con registro de entrada de 9/06/2022, así como para la financiación de los honorarios de redacción del proyecto, por un total de actuaciones con IVA de 1.667.710,95 euros.

SEGUNDO.- Aprobar las actuaciones que componen el anteproyecto para la "REHABILITACIÓN Y ASIGNACIÓN DE NUEVOS USOS DE LAS "LONXAS DE RAXOI" firmado digitalmente en fecha 09.06.2022, por el arquitecto Oscar Sánchez Martínez, por importe total 1.621.200,27 euros con registro de entrada de 9/06/2022. ...//..."

Logo de ver a providencia da Alcaldía de data 10.06.2022.

Tendo en conta o informe técnico de data 22.06.2022, no que se indica:

"...//...CONSIDERACIÓN TÉCNICAS

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA:

Conforme as PXOM a edificación/parcela/instalación se encontra en:

Solo Urbano Consolidado. (CX-2, Comercial Xeral 2)



Plano de referencia no PXOM O4/04.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

No informe de viabilidade urbanística emitido pola arquitecta do Concello Marta Gomez de data 09/06/2022, (O anteproxecto está redactado por Óscar Sánchez Martínez o 09/06/2022. Foi recibido no Concello o día 9/06/2022 con nre 202299900000920), establece:

"2 VIABILIDADE URBANÍSTICA:

Os usos propostos para a rehabilitación do edificio son os seguintes:

- Coworking (290m2 útiles): uso terciario xeral, clase comercio, categoría 1ª
- Locais sociais (144,50m2 útiles): uso dotacional, clase sociocultural, categoría 4ª
- Museo (191,20m2 construídos): uso dotacional, clase sociocultural, categoría 3ª
- Local de promoción de consumo de produto local (137,05m2 útiles): uso terciario xeral, clase comercio, categoría 1ª

O PXM establece como o **uso de equipamento comercial**, polo tanto, en aplicación do art. 42.5 da LSG deberase incluír como **uso permitido o dotacional sociocultural**: "O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipos ou dotacións públicas por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42. A efectos do disposto neste número, entenderase que teñen tamén a condición de equipos ou dotacións públicas os que sexan de titularidade pública, aínda que non figuren no plan urbanístico con tal condición."

Segundo apartado 4.8.10.1. do PXOM para Clase Comercio, establece:

"4.8.10.1. Clase Comercio.

1. Definición.

Enténdese por uso comercial a actividade desenvolvida en calquera local, que supoña a compravenda ao por menor ou permuta de mercadorías.

2. Clasificación.

A efectos de aplicación destas Normas, establécense as seguintes categorías:

Categoría 1ª. Edificios con máis do 60 % da súa superficie total destinada a usos comerciais e o resto a outros usos excepto o de vivenda.

Categoría 2ª. Locais comerciais no primeiro soto, semisoto e planta baixa.



Categoría 3ª. Locais comerciais en corredores ou galerías.

Categoría 4ª. Locais situados en edificacións existentes que non procedan da substitución doutros máis grandes no ámbito de Plans Especiais de Protección.”

Segundo o apartado 4.8.12.2. Clase Sociocultural.

“1. Definición.

Corresponde aos espazos ou locais destinados á conservación, transmisión e xénese dos coñecementos (bibliotecas, arquivos, museos, centros de investigación, etc.) e as actividades socioculturais e de relación (centros de asociacións, agrupacións, cívico-sociais, círculos, confrarías, centros parroquiais, etc.).

2. Clasificación.

Establécense as seguintes categorías:

Categoría 3ª: Centros culturais, museos, bibliotecas e auditorios.

Categoría 4ª: Salas ou locais en baixos comerciais, ou en plantas baixas de edificacións doutro uso característico ou en edificio exclusivo, nos que se desenvolvan actividades con fins socioculturais (Exposicións, conferencias, etc).”

En opinión da técnico que subscribe procede realizar un cambio de uso segundo o establecido no art. 4.9.6.5 e 4.10.2.3. do PXOM: o cambio de uso dunha zona cualificada como de equipamento a outro uso dun equipamento distinto debe realizarse a través do proceso sinalado no art. 42.5 da LSG. O Concello pleno, por maioría absoluta legal e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

Segundo o art. 42.5, da LSG: **“5. O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.”**

Polo tanto, o uso definido no documento do PXOM actualmente é:

CLAVE	NOME	OBTENCIÓN DO SOLO (SUPERFICIE)			EXISTENCIA DA DOTACIÓN	USO	TITULARIDAD
		EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL			
SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS E DOTACIÓN COMUNITARIAS (computables ós efectos do artigo 47 da LOUG)							
CX-1	MERCADO MUNICIPAL	1.200,0	0,0	1.200,0	EXISTENTE	COMERCIAL	MUNICIPAL
CX-2	ALMACENES RAXOI (CLUBS DEPOR. ALM. CONCELLO)	1.660,9	0,0	1.660,9	EXISTENTE	COMERCIAL	MUNICIPAL

O cambio proposto:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CLAVE	NOME	OBTENCIÓN DO SOLO			EXISTENCIA DOTACIONAL	USO	TITULARIDADE
		EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL			
CX-2	ALMACENES DE RAXOI	996,54			EXISTENTE	COMERCIAL	MUNICIPAL
SCEX-6	ALMACENES DE RAXOI	664,36			EXISTENTE	SOCIOCULTURAL	MUNICIPAL

Informe emitido segundo o meu leal saber e entender e salvo consideracións mellor fundadas ás que se somete a técnico que subscribe, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule no preceptivo informe xurídico ou en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida. Salvo dereito de propiedade e sen perxuízo a terceiros.

O órgano competente para a resolución adoptará o acordo que estime máis oportuno

...//...”

Tendo en conta o informe xurídico da Secretaría Xeral de data 19/07/2022

Esta Alcaldía propón para o seu **DITAME** pola comisión informativa, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Acordar o cambio de uso, definido no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Ponte deume, aprobado definitivamente por Orde do 27 de maio de 2016, dos terreos onde se localizan as edificacións “Almacenes de Raxoi” segundo o establecido no informe do técnico municipal de data 22.06.2022, no sentido seguinte:

Onde dí:

CLAVE	NOME	OBTENCIÓN DO SOLO			EXISTENCIA DOTACIONAL	USO	TITULARIDADE
		EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL			
SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS COMUNITARIAS (computables ós efectos do artigo 47 da LOUG)							



CX-2	ALMACENES DE RAXOI (CLUBS DEPOR.AL M.CONCELLO)	1.660,9	0,0	1.660,9	EXISTENTE	COMERCIAL	MUNICIPAL
------	--	---------	-----	---------	-----------	-----------	-----------

Debe decir:

CLAVE	NOME	OBTENCIÓN DO SOLO			EXISTENCIA DOTACIONAL	USO	TITULARIDADE
		EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL			
CX-2	ALMACENES DE RAXOI	996,54			EXISTENTE	COMERCIAL	MUNICIPAL
SCEX-6	ALMACENES DE RAXOI	664,36			EXISTENTE	SOCIOCULTURAL	MUNICIPAL

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no BOP da Coruña, no DOG e dar traslado do mesmo á Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, Secretaría Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, á Dirección Xeral do Patrimonio e ao organismo Portos de Galicia, así como ao departamento de urbanismo municipal aos efectos oportunos.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno”.

A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **MAIORÍA de 5 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE(5): D. José Simoes Couceiro, D^a. Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e **1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D^a. Rocío Souto Torre ”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D^a. Yolanda Vázquez**, concelleira do PSdeG-PSOE, explica que esta proposta ten que ver coa solicitude dunha subvención de fondos Next Generation da segunda liña do Plan Directo, “Plan de impulso e realización de edificios públicos”, no que dentro do proxecto de “Lonxas de Raxoi” hai un espazo reservado para uso das asociacións culturais, ata o momento, as lonxas, no seu plan de uso, tiñan só uso comercial.

- **Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, concelleiro do Partido Popular, pregunta se os 290 m². de uso comercial, van a ir en alugueiro, responde D. Yolanda Vázquez, a idea é que se saque por concesión.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Acordar o cambio de uso, definido no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Ponte deume, aprobado definitivamente por Orde do 27 de maio de 2016, dos terreos onde se localizan as edificacións "Almacenes de Raxoi" segundo o establecido no informe do técnico municipal de data 22.06.2022, no sentido seguinte:

Onde dí:

CLAVE	NOME	OBTENCIÓN DO SOLO			EXISTENCIA DOTACIONAL	USO	TITULARIDADE
		EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL			
SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS COMUNITARIAS (computables ós efectos do artigo 47 da LOUG)							
CX-2	ALMACENES DE RAXOI (CLUBS DEPOR.AL M.CONCELLO)	1.660,9	0,0	1.660,9	EXISTENTE	COMERCIAL	MUNICIPAL

Debe dicir:

CLAVE	NOME	OBTENCIÓN DO SOLO			EXISTENCIA DOTACIONAL	USO	TITULARIDADE
		EXISTENTE	PROPOSTA	TOTAL			
CX-2	ALMACENES DE RAXOI	996,54			EXISTENTE	COMERCIAL	MUNICIPAL
SCEX-6	ALMACENES DE RAXOI	664,36			EXISTENTE	SOCIOCULTURAL	MUNICIPAL



TERCEIRO: Publicar o presente acordo no BOP da Coruña, no DOG e dar traslado do mesmo á Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, Secretaría Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, á Dirección Xeral do Patrimonio e ao organismo Portos de Galicia, así como ao departamento de urbanismo municipal aos efectos oportunos.

3.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PLAN PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Secretaria Xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, do 22 de xullo de 2022.

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 22 DE XULLO DE 2022

EXPDTE: 2022/G012/000015

SESIÓN: 50/2019-2023

2.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PLAN PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Secretaria da lectura a proposta de Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PLAN PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, en exercicio das competencias legalmente atribuídas:

Dada a situación extraordinaria causada pola Pandemia COVID-19, os Estados membros da Unión Europea, así ou como as súas respectivas institucións, executaron coordinadamente medidas encamiñadas a paliar e mitigar os efectos causados pola devandita situación de emerxencia, evitando así o colapso da economía. O Consello de Europa, o 21 de xullo de 2020, implementou un paquete de medidas de gran alcance onde destaca o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation UE, e especialmente, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aprobou o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Para poder ser receptor dos fondos previstos, era condición necesaria que os Estados membros presentasen Plans nacionais de recuperación nos que se definisen programas de actuación co obxectivo de potenciar a creación de emprego, o crecemento, así como acelerar a transición ecolóxica e dixital.

A tal fin, España presentou á Comisión Europea o Plan nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que foi aprobado finalmente o 16 de xuño de 2021, configurándose como un instrumento para transformar a sociedade e o tecido produtivo,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

modelando un sistema económica e industrial máis sostible e respectuoso coa contorna. De acordo co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, ao executar fondos provenientes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os Estados membros, deberán adoptar medidas adecuadas tendentes a protexer os intereses financeiros da Unión e a velar por que a utilización de ditos fondos axústese ao dereito aplicable, tanto da Unión como nacional, especialmente no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, polo que toda entidade que participe na execución das medidas do PRTR deberá de dispor dun plan de medidas anti-fraude, que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, utilizáronse os fondos correspondentes de acordo coa normativa aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, e conflitos de intereses

O Concello de Ponte deume como entidade solicitante de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, deberá contar cun Plan de medidas anti-fraude que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, utilizáronse os fondos correspondentes de acordo coa normativa aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.

Tendo en conta a novidade e a complexidade organizativa e técnica das medidas anti-fraude, o concello de Ponte deume non dispón dos recursos materiais nin de persoal técnico cualificado para o seu desenvolvemento, sen embargo quere garantir o dereito dos cidadáns a unha boa administración, potenciando a transparencia, a fin de prestar uns servizos máis eficientes e máis accesibles, cun bo uso dos recursos públicos.

Segundo o estipulado no artigo 36.1 b) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, entre as competencias da Deputación encóntrase, "...La asistencia y cooperación jurídica, económica y técnica a los Municipios, especialmente los de menor capacidad económica y de gestión..."

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 125, do 4 de xullo publicouse o Plan Xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (Plan PREMADECOR), o cal establece a posibilidade de adhesión por parte dos concellos en distintos niveis ou grados, en función da súa poboación. O concello de Ponte deume, como entidade local de menos de 10.000 habitantes, pode adherirse o 3º grado do Plan PREMADECOR, "Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios, con delegación das funcións de avaliación de riscos, seguimento das medidas polo CADECOR e instrución dos procedementos correctivos e de persecución que sexan competencia da administración local.

Tendo en conta o informe da secretaria da corporación en canto á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, de data 19/07/2022

*Por todo o dito, esta Alcaldía- Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos



ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

"BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.

2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACI e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.

3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.

4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.

5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.

3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.

4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello delégante para que proceda ao seu informe e aprobación,

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicárase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.

TERCEIRO.- Subscribir á declaración institucional de compromiso na loita contra o fraude e a corrupción, que figura como Anexo II no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), e os demais anexos que figuran en dito Plan, transcritos nesta proposta.

CUARTO.- Unha vez adoptado o acordo municipal correspondente, someterase a aceptación do Pleno da Deputación da Coruña, e unha vez adoptado o acordo por este órgano, será publicado no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do concello de Ponte deume.

QUINTO.- Dar traslado do acordo ás persoas que exercen cargos representativos na Corporación e a todo o persoal, e instar aos membros da Corporación e o persoal municipal para que participe activamente no desenvolvemento do Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (PLAN PREMADECOR), ao estar todos comprometidos cos principios expostos no Plan, e asuman a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.

ANEXOS

ANEXO I: MATRIZ DE RISCOS APROBADA POLO SERVIZO NACIONAL DE COORDINACIÓN ANTIFRAUDE DA INTERVENCIÓN XERAL DO ESTADO (IGAE)

A ferramenta Matriz de riscos que vai a utilizar a Deputación para a análise previa de riscos en cada expediente é a proposta elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da intervención xeral do Estado, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20I.%20MATRIZ%20PMA%20PRTR%20SNCA.xlsx>

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.



ANEXO I Bis: Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia

Xuntamente coa ferramenta anterior (Matriz de Riscos do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE) a Deputación da Coruña tamén vai a utilizar o Catálogo de riscos por áreas de actividade, elaborada polo Consello de Contas de Galicia, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/static_content/corrupcion/Catalogo_riscos_G.pdf

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.

ANEXO II: DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO NA LOITA CONTRA O FRAUDE E A CORRUPCIÓN

No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, o concello de Pontedeume manifesta publicamente o seu compromiso ao máis alto nivel posible no estrito cumprimento das normas xurídicas e de carácter ético, así coma a súa total adhesión aos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade oposta ao fraude e á corrupción sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con esta administración.

As persoas que exercen cargos representativos na Corporación, así como todo o persoal ao servizo da Corporación, teñen o compromiso de velar sempre polos intereses xerais, con suxeición á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, actuando en todo momento de acordo cos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.

Coa presente declaración preténdese promover dentro da organización unha cultura ética que non dea lugar a condutas ou actividades fraudulentas e que faga máis doada a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos casos que se detecten.

Para acadar o obxectivo exposto, logo de que o Pleno aprobe este Plan anti-fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) e publicado o mesmo no Boletín Oficial da Provincia, a súa aplicación, pleno coñecemento e divulgación, asentarase sobre estes tres piares:

- A creación e funcionamento do Comité anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR), órgano específico para a xestión e análise das medidas adoptadas, así como para o asesoramento e impulso das accións de corrección e mesmo persecución dos casos que se detecten. Este órgano actuará co plena independencia e só dará contas da súa xestión ao Pleno da Corporación.
- A posible adhesión ao Plan PREMADECOR dos concellos e outras entidades locais da Provincia, mesmo coa posibilidade de que as situadas no rango de poboación que non supera os 10.000 habitantes poidan delegar a análise de riscos, uso do canle de denuncias e bo goberno e instrución dos procedementos correctivos que sexan competencia da Administración local.
- A realización de cursos de formación e divulgación do contido deste Plan e das súas medidas. Para que estes cursos produzan o seu efecto, todas as persoas que exercen cargos

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

representativos ou teñen a condición de persoal ao servizo da Corporación quedan comprometidas, por esta declaración, a asistir a unha sesión formativa.

En resumo: O concello de Pontedeume, e as persoas que exercen cargos representativos ou prestan servizos para a mesma quedan comprometidos cos principios expostos e asumen a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.

ANEXO III. CÓDIGO DE CONDUCTA DAS PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGOS REPRESENTATIVOS E DO PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.

A) PARA PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGO REPRESENTATIVO

No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, as persoas que exercen cargo representativo como membros do Pleno da Corporación e dalgún outro órgano colexiado, ou ben como titulares ou suplentes de órganos de carácter unipersoal, axustarán toda a súa conduta aos principios e estándares recollidos no Código de bo goberno local da FEMP, ao que se adheriu esta Deputación Provincial mediante acordo plenario de 21 de decembro de 2018 (BOP núm. 18, de 25 de xaneiro de 2019).

Asemade, respectarán estritamente os deberes establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de acceso á información, transparencia e bo goberno. En particular, cumprirán cos principios de bo goberno establecidos no artigo 26 da devandita Lei e absteranse de incorrer nas condutas constitutivas de infracción en materia de incompatibilidades ou conflito de intereses (artigo 27 en relación co artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local) e de infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria (artigo 28).

B) PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN.

Todo o persoal ao servizo da Corporación, tanto cunha relación de carácter funcional como laboral, cumprirán co código de conduta establecido no artigo 52 do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público (Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro), así como cos principios éticos recollidos no artigo 53 e os principios de conduta enumerados no artigo 54 do devandito texto legal.

Asemade, a xestión e control dos fondos procedentes do PRTR levarase a cabo cunha rigorosa observancia da lexislación da Unión, nacional e autonómica, con especial atención ás seguintes materias:

- Elixibilidade dos gastos.
- Contratación pública.
- Réxime das axudas.
- Información e publicidade.
- Medio ambiente.
- Igualdade de oportunidades e non discriminación.

En resumo: todo o persoal ten a obriga de ler e cumprir co disposto neste código, colaborando coa súa difusión no centro de traballo e nas relacións con contratistas, provedores e persoas beneficiarias de subvencións. E as persoas responsábeis de cada servizo deberán contribuír a



solventar calquera dúbida respecto deste código e servir de exemplo no seu estrito cumprimento.

Un exemplar deste documento e dos preceptos legais que se citan serán asinados por cada unha das persoas que participe na redacción, tramitación, aprobación, xestión, xustificación ou control dos fondos públicos procedentes do PRTR.

ANEXO IV: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (FORMULARIO DACI)

“EXPEDIENTE SUBTEL 202XXXXXXXXX”

Co fin de garantir a obxectividade e imparcialidade neste procedemento de (contratación/concesión de subvención/xustificación de subvención), a persoa que subscribe o presente documento, na súa condición de (cargo representativo/persoal funcionario/membro designado do comité de expertos) e, xa que logo, participante no procedemento de (elaboración/tramitación/resolución) do expediente,

DECLARA:

PRIMEIRO.- Que con carácter previo a súa intervención no presente expediente foi debidamente informado do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 “Conflicto de intereses” do Regulamento UE/2018/1046, do Parlamento europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da Unión Europea) establece que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións poida verse comprometido por razón familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.

2. Que o artigo 64, “Loita contra a corrupción e prevención de conflito de intereses” da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten como fin evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento , asegurando a igualdade de trato de todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23. “Abstención”, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento tanto as autoridades coma o persoal no que poida darse algunha das circunstancias que se enumeran deseguido:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a de aquel, ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén con asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Ter intervido como perito ou testemuña no procedemento de que se trate.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar.

SEGUNDO.- Que non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento financeiro da UE e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión.

TERCEIRO.- Que se compromete a por en coñecemento do (órgano de contratación/comité de expertos/comisión avaliadora) de xeito inmediato calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que se poida producir.

CUARTO.- Coñezo que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que resulte falsa ou falseada pode dar lugar ás responsabilidades administrativas, disciplinarias ou mesmo penais, ao tratarse dun documento público, sen prexuízo da obriga de indemnizar polos danos causados.

E para que así conste, asino a presente DACI, que se incorpora ao expediente de referencia”.

ANEXO V: BANDEIRAS VERMELLAS

As BANDEIRAS VERMELLAS son sinais de alarma, listas ou indicios dun posible fraude. A existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude, pero si indica que unha determinada área de actividade necesita atención extra para descartar ou confirmar un potencial fraude.

No presente Anexo, incorpórase a Listaxe de bandeiras vermellas e controis propostos do Anexo II da Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE, que se pode atopar no enlace deseguido:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20II.%20Listado%20BR%20y%20controles.pdf>

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.”

A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA de 6 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE(5): D. José Simoes Couceiro, D^a Ángela Piñeiro Carrera D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Luís Ángel Díaz González e **1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D^a. Rocio Souto Torre”.



A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D^a. Yolanda Vázquez**, explica que esta proposta está relacionada co punto anterior, un dos requisitos dos fondos Next Generation é que o concello teña que contar cun Plan de medidas anti-fraude, dando a Deputación da Coruña, a posibilidade de adhesión o seu “*Plan Xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude*”.

- **Toma a palabra D. Luis Ángel Díaz**, pregunta cal é a duración do Plan, se sería ata que se acaben os fondo ou ata o 2024

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, responde que en principio ten que estar activo ata que acaben as execucións das obras, non só a tramitación da subvención.

- **Toma a palabra D^a. Yolanda Vázquez**, comenta que ata agora, coas solicitudes que hai neste momento, estaría activo ata o 31/03/2026.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.

2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACI e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.

3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.

4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.

5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.

3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.

4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléxante para que proceda ao seu informe e aprobación,

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicárase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade eco disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.

TERCEIRO.- Subscribir á declaración institucional de compromiso na loita contra o fraude e a corrupción, que figura como Anexo II no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), e os demais anexos que figuran en dito Plan, transcritos nesta proposta.

CUARTO.- Unha vez adoptado o acordo municipal correspondente, someterase a aceptación do Pleno da Deputación da Coruña, e unha vez adoptado o acordo por este órgano, será



publicado no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do concello de Pontedeume.

QUINTO.- Dar traslado do acordo ás persoas que exercen cargos representativos na Corporación e a todo o persoal, e instar aos membros da Corporación e o persoal municipal para que participe activamente no desenvolvemento do Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (PLAN PREMADECOR), ao estar todos comprometidos cos principios expostos no Plan, e asuman a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.

ANEXOS

ANEXO I: MATRIZ DE RISCOS APROBADA POLO SERVIZO NACIONAL DE COORDINACIÓN ANTIFRAUDE DA INTERVENCIÓN XERAL DO ESTADO (IGAE)

A ferramenta Matriz de riscos que vai a utilizar a Deputación para a análise previa de riscos en cada expediente é a proposta elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da intervención xeral do Estado, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20I.%20MATRIZ%20PMA%20PRTR%20SNCA.xlsx>

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.

ANEXO I Bis: Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia

Xuntamente coa ferramenta anterior (Matriz de Riscos do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE) a Deputación da Coruña tamén vai a utilizar o Catálogo de riscos por áreas de actividade, elaborada polo Consello de Contas de Galicia, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/static_content/corrupcion/Catalogo_riscos_G.pdf

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.

ANEXO II: DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO NA LOITA CONTRA O FRAUDE E A CORRUPCIÓN

No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, o concello de Pontedeume manifesta publicamente o seu compromiso ao máis alto nivel posible no estrito cumprimento das normas xurídicas e de carácter ético, así coma a súa total adhesión aos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade oposta ao fraude e á corrupción sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con esta administración.

As persoas que exercen cargos representativos na Corporación, así como todo o persoal ao servizo da Corporación, teñen o compromiso de velar sempre polos intereses xerais, con suxeición á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, actuando en todo momento de acordo cos seguintes principios: obxectividade,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.

Coa presente declaración preténdese promover dentro da organización unha cultura ética que non dea lugar a condutas ou actividades fraudulentas e que faga máis doada a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos casos que se detecten.

Para acadar o obxectivo exposto, logo de que o Pleno aprobe este Plan anti-fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) e publicado o mesmo no Boletín Oficial da Provincia, a súa aplicación, pleno coñecemento e divulgación, asentarase sobre estes tres piares:

- A creación e funcionamento do Comité anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR), órgano específico para a xestión e análise das medidas adoptadas, así como para o asesoramento e impulso das accións de corrección e mesmo persecución dos casos que se detecten. Este órgano actuará co plena independencia e só dará contas da súa xestión ao Pleno da Corporación.
- A posible adhesión ao Plan PREMADECOR dos concellos e outras entidades locais da Provincia, mesmo coa posibilidade de que as situadas no rango de poboación que non supera os 10.000 habitantes poidan delegar a análise de riscos, uso do canle de denuncias e bo goberno e instrución dos procedementos correctivos que sexan competencia da Administración local.
- A realización de cursos de formación e divulgación do contido deste Plan e das súas medidas. Para que estes cursos produzan o seu efecto, todas as persoas que exercen cargos representativos ou teñen a condición de persoal ao servizo da Corporación quedan comprometidas, por esta declaración, a asistir a unha sesión formativa.

En resumo: O concello de Pontedeume, e as persoas que exercen cargos representativos ou prestan servizos para a mesma quedan comprometidos cos principios expostos e asumen a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.

ANEXO III. CÓDIGO DE CONDUCTA DAS PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGOS REPRESENTATIVOS E DO PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.

A) PARA PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGO REPRESENTATIVO

No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, as persoas que exercen cargo representativo como membros do Pleno da Corporación e dalgún outro órgano colexiado, ou ben como titulares ou suplentes de órganos de carácter unipersoal, axustarán toda a súa conduta aos principios e estándares recollidos no Código de bo goberno local da FEMP, ao que se adheriu esta Deputación Provincial mediante acordo plenario de 21 de decembro de 2018 (BOP núm. 18, de 25 de xaneiro de 2019).

Asemade, respectarán estritamente os deberes establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de acceso á información, transparencia e bo goberno. En particular, cumprirán cos



principios de bo goberno establecidos no artigo 26 da devandita Lei e absteranse de incorrer nas condutas constitutivas de infracción en materia de incompatibilidades ou conflito de intereses (artigo 27 en relación co artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local) e de infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria (artigo 28).

B) PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN.

Todo o persoal ao servizo da Corporación, tanto cunha relación de carácter funcional como laboral, cumprirán co código de conduta establecido no artigo 52 do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público (Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro), así como cos principios éticos recollidos no artigo 53 e os principios de conduta enumerados no artigo 54 do devandito texto legal.

Asemade, a xestión e control dos fondos procedentes do PRTR levarase a cabo cunha rigorosa observancia da lexislación da Unión, nacional e autonómica, con especial atención ás seguintes materias:

- Elixibilidade dos gastos.
- Contratación pública.
- Réxime das axudas.
- Información e publicidade.
- Medio ambiente.
- Igualdade de oportunidades e non discriminación.

En resumo: todo o persoal ten a obriga de ler e cumprir co disposto neste código, colaborando coa súa difusión no centro de traballo e nas relacións con contratistas, provedores e persoas beneficiarias de subvencións. E as persoas responsábeis de cada servizo deberán contribuír a solventar calquera dúbida respecto deste código e servir de exemplo no seu estrito cumprimento.

Un exemplar deste documento e dos preceptos legais que se citan serán asinados por cada unha das persoas que participe na redacción, tramitación, aprobación, xestión, xustificación ou control dos fondos públicos procedentes do PRTR.

ANEXO IV: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES (FORMULARIO DACI)

“EXPEDIENTE SUBTEL 202XXXXXXXXX

Co fin de garantir a obxectividade e imparcialidade neste procedemento de (contratación/concesión de subvención/xustificación de subvención), a persoa que subscribe o presente documento, na súa condición de (cargo representativo/persoal funcionario/membro designado do comité de expertos) e, xa que logo, participante no procedemento de (elaboración/tramitación/resolución) do expediente,

DECLARA:

PRIMEIRO.- Que con carácter previo a súa intervención no presente expediente foi debidamente informado do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 “Conflito de intereses” do Regulamento UE/2018/1046, do Parlamento europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da Unión Europea) establece que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións poida verse comprometido por razón familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Que o artigo 64, “Loita contra a corrupción e prevención de conflito de intereses” da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten como fin evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento , asegurando a igualdade de trato de todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23. “Abstención”, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento tanto as autoridades coma o persoal no que poida darse algunha das circunstancias que se enumeran deseguido:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a de aquel, ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén con asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Ter intervido como perito ou testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar.

SEGUNDO.- Que non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento financeiro da UE e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión.

TERCEIRO.- Que se compromete a por en coñecemento do (órgano de contratación/comité de expertos/comisión avaliadora) de xeito inmediato calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que se poida producir.

CUARTO.- Coñezo que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que resulte falsa ou falseada pode dar lugar ás responsabilidades administrativas, disciplinarias ou mesmo penais, ao tratarse dun documento público, sen prexuízo da obriga de indemnizar polos danos causados.

E para que así conste, asino a presente DACI, que se incorpora ao expediente de referencia”.

ANEXO V: BANDEIRAS VERMELLAS



As BANDEIRAS VERMELLAS son sinais de alarma, listas ou indicios dun posible fraude. A existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude, pero si indica que unha determinada área de actividade necesita atención extra para descartar ou confirmar un potencial fraude.

No presente Anexo, incorpórase a Listaxe de bandeiras vermellas e controis propostos do Anexo II da Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE, que se pode atopar no enlace deseguido:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20I.%20Listado%20BR%20y%20controles.pdf>

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.”

4.- CONTA XERAL EXERCICIO 2021

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“ PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONTA XERAL DO EXERCICIO 2021.

(Expediente TEdC: 2022/X998/000040-2022/G006/000177)

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas de 31/05/2022 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade correspondente ao exercicio 2021 integrada polos estados e documentos contables da Corporación de acordo co seguinte:

1. BALANCE DE SITUACIÓN: 34.793.117,77 euros (activo e pasivo)

2. RESULTADO ORZAMENTARIO:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	7.419.474,59
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	7.119.509,85
a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)	299.964,74
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	2.135,35
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	301.513,08
Total dereitos recoñecidos	7.723.123,02
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	7.361.986,02
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	6.378.043,70
a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)	983.942,32
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	0
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0
Total obrigas recoñecidas	7.361.986,02
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	361.137
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	191.954,39
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	317.919,49
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	372.161,98
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	498.848,90

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos		1.128.861,97
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		10.696.707,39
2.a. Do orzamento corrente	992.003,55	
2.b De orzamentos pechado	9.678.549,30	
2.c De operacións non orzamentarias	26.154,54	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		9.133.799,46
3.a. Do orzamento corrente	670.612,16	
3.b. De orzamentos pechados	8.201.574,61	
3.c. De operacións non orzamentarias	261.612,69	
4. Partidas pendentes de aplicación		-284.689,18
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	430.280,75	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	145.591,57	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		2.407.080,72
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		987.830,09
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		42.488,30
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		1.376.762,33

4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

Logo da aprobación por maioría absoluta do Congreso dos Deputados da suspensión temporal das regras fiscais para 2020 e 2021, cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de regra de gasto non sería obrigatorio para as entidades locais.

CONCEPTOS	IMPORTES
Ingresos liquidados presupuesto 2021 (capítulos 1 a 7)	7.419.474,59
Créditos liquidados presupuesto 2021 (capítulos 1 a 7)	7.361.986,02
TOTAL (a – b)	57.488,57
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	0,00
2) Axustes recadación capítulo 2	8.022,01
3) Axustes recadación capítulo 3	176,28
4) Axuste por gastos pendentes de imputar a orzamento	221.928,43
5) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar a orzamento	-2.352,94
Total axustes	227.773,78
TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	285.262,35

5.- OBXECTIVO REGRA DE GASTO:

O obxectivo de regra de gasto para o exercicio 2021 está suspendido, ao terse suspendido a aplicación das regras fiscais para os exercicios 2020 e 2021, e tense prorrogado tamén ao 2022 a dita suspensión.

O límite da regra de gasto en 2021 derivado da liquidación do exercicio 2020 sería de 5.543.147,89 euros, cupríndose o límite ao resultar da liquidación de 2021 un gasto computable de 5.309.236,15 euros.



Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº107 de 07/06/2022.

Visto que durante o dito prazo, non se presentaron reclamacións, conforme se acredita nos documentos que obran no expediente.

Tendo en conta o anterior e considerando a normativa aplicable, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2021, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2021 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas; e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na sede electrónica.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D. Joshua Dopico López, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do BNG D^a Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2021, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2021 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas; e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na sede electrónica. ”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2021 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PAA INCLUÍR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2021

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2021 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA INCLUÍR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2021

(Expediente TEdC: 2022/X998/000041-2022/G006/000178)

Logo da toma de razón polas persoas membro da Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2022, do Informe da Intervención Municipal, 150/2022 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2021 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2021”, co seguinte tenor literal:

“Artículo 218 Informes sobre resolución de discrepancias

1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local”.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:



ÚNICO.- Dar conta do Informe da Intervención Municipal: 150/2022 de “Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2021 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2021”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

5.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN 236/2022 PMP, MOROSIDADE E ADXUNTOS (SEGUNDO TRIMESTRE 2022)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 236/2022 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (SEGUNDO TRIMESTRE 2022)

(Expediente TEdC: 2022/X998/000050-2022/G006/000179)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (...)”

5.

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA:**

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 236/2022, de asunto: “Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao SEGUNDO trimestre de 2022”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

7.-ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/07/2022

(Expediente TEdC: 2022/G006/000180)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **437.2022** de 23 de xuño ao **501.2022** de 20 de xullo de 2022, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000426	ADQUISICIÓN TERRENO PARA APARCADOIRO EN ANDRADE	000437/2022	23-06-2022 01:10
2022/G003/000479	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000438/2022	23-06-2022 01:10
2022/G003/000475	PAGO NÓMINA MES DE XUÑO 2022.	000439/2022	23-06-2022 10:14
2022/G003/000469	INCIDENCIAS NÓMINA MES XUÑO 2022.	000440/2022	23-06-2022 10:14
2022/G003/000472	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de abril 2022	000441/2022	23-06-2022 10:14
2022/G003/000329	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 5/FINAL DA OBRA - REFORMA FOREMDES, POLICÍA E PORTAL GARAXE-.	000442/2022	23-06-2022 10:15
2022/G003/000234	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 2, 3 E 4 DA OBRA - REFORMA FOREMDES, POLICÍA E PORTAL DE GARAXE-.	000443/2022	23-06-2022 10:15
2022/G003/000447	ADQUISICIÓN TERRENO BOEBRE PARA APARCADOIRO	000444/2022	23-06-2022 12:31
2022/G003/000480	APROL RURAL 2022, NOMEAMENTO PERSOAL	000445/2022	23-06-2022 15:53
2022/G003/000481	Solicitud Subvención Risga 2022	000446/2022	23-06-2022 15:55
2022/G003/000485	SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30/06/2022	000447/2022	27-06-2022 15:01
2022/G003/000467	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000025915	000448/2022	28-06-2022 14:20
2022/G003/000468	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000026047	000449/2022	28-06-2022 14:03
2022/G003/000487	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 30.06.2022	000450/2022	28-06-2022 14:01



2022/G003/000438	COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA REPARACION DE SOLERA DE ACERA EN AVDA DE FERROL 33	000451/2022	28-06-2022 14:57
2022/G003/000435	COMUNICACION PREVIA DE OBRA EN AVDA DE FERROL 24	000452/2022	28-06-2022 14:57
2022/G003/000477	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 22, AGADER. CAMIÑO ALLÓN.-	000453/2022	28-06-2022 14:57
2022/G003/000478	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 23, SUBVENCIÓN INFRAESTRUTURAS. FOREMDES.-	000454/2022	28-06-2022 14:57
2022/G003/000484	ADQUISICIÓN TERRENO BOEBRE PARA APARCADOIRO	000455/2022	29-06-2022 15:34
2022/G003/000488	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DNA. EVA M ^a GUERRERO RICO O DÍA 5 DE XULLO DE 2022.	000456/2022	29-06-2022 14:35
2022/G003/000486	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL SUBSTITUCIÓN PERÍODO DE VACACIÓNS E DÍAS DE ASUNTOS PROPIOS DE LIBRE DISPONSIÓN DE 3 PEÑONS SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO,	000457/2022	30-06-2022 12:03
2022/G003/000493	PROCEDEMENTO ORDINARIO 112/2022 SERVICIO INDEMNIZACIÓN POR CONTINUIDADE DO SERVIZO	000458/2022	30-06-2022 16:40
2022/G003/000492	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE	000459/2022	30-06-2022 16:40
2022/G003/000491	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO	000460/2022	30-06-2022 16:40
2022/G003/000489	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000026156	000461/2022	30-06-2022 16:40
2022/G003/000490	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOVILIDADE REDUCIDA	000462/2022	30-06-2022 16:40
2022/G003/000456	CONTRATO DE SERVIZOS PARA O EXERCIZO DA DIRECCIÓN DE OBRA DA ACTUACIÓN "HUMANIZACIÓN URBANÍSTICA DE RÚA RÍO EUME E PRAZA MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO.PONTEDEUME"	000463/2022	30-06-2022 20:56
2022/G003/000476	CONSERVACIÓN, DIVULGACIÓN E POSTA EN VALOR DE ÁRBORES SENLLEIRAS 2022. "XARDÍNS DE LOMBARDEIRO"	000464/2022	30-06-2022 20:56
2022/G003/000495	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000465/2022	04-07-2022 10:18
2022/G003/000494	DELEGACIÓN DE CASAMENTO CIVIL ENTRE D....E D ^a ... NO CONCELLEIRO JOSHUA DOPICO LOPEZ	000466/2022	04-07-2022 10:18
2022/G003/000496	Decreto aprobacón das Bases do XXV Premio Investigación Concello de Pontedeume.	000467/2022	04-07-2022 10:18
2022/G003/000436	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "HUMANIZACIÓN URBANÍSTICA DE RÚA RÍO EUME E PRAZA MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO.PONTEDEUME"	000468/2022	05-07-2022 11:02
2022/G003/000502	CONTRATO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE DIRECCIÓN DE OBRA EN VARIAS OBRAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	000469/2022	05-07-2022 13:32

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2022/G003/000503	ADXUDICACIÓN CONTRATO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE EN VARIAS OBRAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	000470/2022	05-07-2022 14:51
2022/G003/000501	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000471/2022	05-07-2022 14:50
2022/G003/000498	DIFERENCIA DE VALORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O XURADO EXPROPIACIÓNS DE GALICIA NA CP-4803 TRAVESIAS MIÑO A PONTEDEUME	000472/2022	06-07-2022 14:10
2022/G003/000500	ACUMULACION TESOURERIA VACACIONS TITULAR	000473/2022	08-07-2022 13:55
2022/G003/000483	Proposta de baixa e proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia	000474/2022	08-07-2022 13:54
2022/G003/000507	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA "APARCAMIENTO CEIP ANDRADE PONTEDEUME". BASES REGULADORES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES A TRAVÉS DA CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE ENTORNOS SAUDABLES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) A ENTIDADES LOCAIS PERTENCENTES Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES (RECS). (NEXGENERATION EU)	000475/2022	08-07-2022 14:58
2022/G003/000508	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA "SINALIZACIÓN E MELLORA DE RUTAS DE SENDERISMO E CICLISMO DE MONTAÑA NO ENTORNO DA ERMIDA DE BREAMO EN PONTEDEUME". BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES A TRAVÉS DA CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE ENTORNOS SAUDABLES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, DA FEMP) A ENTIDADES LOCAIS PERTENCENTES Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES (RECS). (NEXGENERATION EU)	000476/2022	08-07-2022 15:06
2022/G003/000513	Convocatoria Subvencións por concorrencia competitiva a entidades deportivas para o ano 2021	000477/2022	12-07-2022 19:05
2022/G003/000515	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 24, XERACIÓN DE CRÉDITO 12. LIMPEZA PRAIAS.-	000478/2022	13-07-2022 12:18
2022/G003/000521	CONTRATACIÓN LABORAL SUBSTITUCIÓN VACACIÓNS CONDUCTOR CAMIÓN RECOLLIDA LIXO.	000479/2022	13-07-2022 12:31
2022/G003/000524	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/12.- EXP. ORIXE 2022/G003/462	000480/2022	13-07-2022 15:28



2022/G003/000514	Decreto pagamento Subvencións por concorrencia competitiva a entidade deportiva club Balonmano Pontedeume para o ano 2021	000481/2022	13-07-2022 15:44
2022/G003/000231	Solicitud Subvención Técnico Cemit 2022	000482/2022	14-07-2022 09:23
2022/G003/000519	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DURANTE O MES DE MAIO DO 2022	000483/2022	14-07-2022 09:23
2022/G003/000511	PROCEMENTO ORDINARIO 123/2022 PROGASA 2000 OBRAS Y SERVICIOS REQUERIMENTO DE DOCUMENTACION	000484/2022	14-07-2022 09:23
2022/G003/000510	PROCEDEMENTO ORDINARIO 117/2022 PROGRASA 2000 OBRAS Y SERVICIOS REQUERIMENTO DE DOCUMENTACION	000485/2022	14-07-2022 09:23
2022/G003/000525	NOVAS ALTAS EDM VERÁN 2022	000486/2022	14-07-2022 09:23
2022/G003/000523	Aprobación da segunda listaxe de persoas participantes no campamento urbano Rueiras/Rueiros 2022	000487/2022	14-07-2022 09:23
2022/G003/000509	AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	000488/2022	14-07-2022 09:23
2022/G003/000527	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de día 15-06-2022	000489/2022	14-07-2022 13:38
2022/G003/000516	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/13 FACTURAS SUBVENCIÓN PREVENCIÓN DROGODEPENDENCIA	000490/2022	14-07-2022 14:11
2022/G003/000499	TESOURERÍA: Solicitud General a nome de VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, SAU. Solicita: Que sexa aprobada a facturación.	000491/2022	15-07-2022 11:20
2022/G003/000532	PERSOAL-NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL, JOSÉ LUIS SANDE VÁZQUEZ POR DESFRUTE DO PERÍODO VACACIONAL DA INTERVENTORA TITULAR.	000492/2022	15-07-2022 16:13
2022/G003/000531	MODELO 111 IRPF, XUÑO 2022	000493/2022	15-07-2022 16:13
2022/G003/000534	Xustificación económica final subvención de conductas adictivas 2019 2022	000494/2022	15-07-2022 16:13
2022/G003/000528	Aprobación das listas provisionais de admitidas/os, excluídas/os e listas de espera na Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa".	000495/2022	15-07-2022 16:13
2022/G003/000533	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000496/2022	15-07-2022 16:13
2022/G003/000526	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/14	000497/2022	19-07-2022 10:00
2022/G003/000535	Convocatoria sesión ordinaria de Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno de 22/07/2022	000498/2022	19-07-2022 14:14
2022/G003/000536	Convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda de 22/07/2022	000499/2022	19-07-2022 14:14

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2022/G003/000530	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de maio de 2022.	000500/2022	20-07-2022 10:19
2022/G003/000459	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E Nº 2 DA OBRA - ACONDICIONAMENTO PRAZA CAMIÑO INGLÉS-, CONV.DEPUTACIÓN Nº 41/2020 E 96/2021.	000501/2022	20-07-2022 10:19

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

8.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia.

9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron mocións urxentes

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, D. Santiago José Rodríguez, formula no Pleno de xullo os seguintes ROGOS:

-Revisen la zona que corresponde entre el instituto Breamo y fragas do Eume profesional que a veces se percibe un olor desagradable y debe ser de alguna alcantarilla.

-No permitan la doble fila que habitualmente se hace durante todo el año en Ricardo Sanchez y delante de Martiño para poder evitar atascos.

-Solucionen las deficiencias que estan surgiendo desde hace meses en el servicio de limpieza en la calle Monfero demandado por muchos de los vecinos de dicha calle .

Non se formulan Rogos por parte do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

O grupo municipal do Partido Popular na corporación municipal, presenta para o Pleno do mes de xullo as seguintes preguntas, transcribíndose a continuación as respostas achegadas por escrito polo goberno local.

1. COLECTORES SUBTERRANEOS

Ante la demanda de los vecinos muchos fueron retirados por sus constantes averías y sus malos olores.

En el paseo de Raxoi todavía están ubicados unos que manifiestan las mismas características que los retirados anteriormente. (por sus malos olores)

¿Se tiene previsto su retirada?

RESPOSTA DO GOBERNO.



Sí, tal e como se explicou en varias ocasións, é intención do Goberno Local proceder á retirada paulatina da totalidade dos colectores do casco .

2. PARQUÍMETRO

¿El parquímetro de la zona azul se va poder instalar antes de finalizar el verano?

¿Pr que no se considero dejar alguna plaza para residentes?

RESPOSTA DO GOBERNO.

O prazo de entrega dos dous parquímetros é de 16 semanas, polo que non será posible telo instalado antes de rematar o verán .

Tal e como consta no Plan de Movilidade aprobado meses atrás, no casco estableceuse varias zonas para uso de residentes, polo que xa temos previsto habilitar algunha desas zonas en vindeiras datas

3. GUARDERÍA

¿Cuál es la demanda actual a las plazas de guardería en el curso que va comenzar?

¿Hay alguna familia que no pueda optar al curso que viene por falta de plazas?

¿Cuándo se va a modificar la ordenanza para que las familias se beneficien de su gratuidade?

RESPOSTA DO GOBERNO.

Respecto a primeira cuestión, a día de hoxe están expostas ao público as listas PROVISIONAIS do curso 2022/23 de novas prazas onde están incluídas as listas de espera.No ciclo 1-2 anos é o único curso no que existe lista de espera. Confiamos que estas necesidades poidan atenderse unha vez sexa autorizado por Política Social o aumento de prazas xa que o pasado 27 de xullo recibíuse a conformidade da modificación sustancial solicitada por parte deste departamento

En relación á terceira cuestión, a día de hoxe está recoñecida a gratuidade do segundo irmán Na ordenanza fiscal municipal que foi modificada e publicada no BOP do 11 de xaneiro de 2022

No momento actual a Xunta aínda non publicou a modificación legislativa necesaria que permita a gratuidade completa ás entidades locais, paso previo necesario para a modificación das ordenanzas fiscais municipais que regulen o cobro das taxas asociadas a este servizo. Cando a Xunta aprobe esa modificación poderase aplicar a gratuidade.

4. LOCAL DE CÁRITAS

Nos trasladan los usuarios de Cáritas que van a estar un tiempo teniendo que ir a buscar las ayudas a otro centro en Larage con todos los inconvenientes para estas familias vulnerables.

¿Por qué el Ayuntamiento no busca un local alternativo para que no tengan que trasladarse fuera del concello los que se benefician de Cáritas?

¿Son conscientes de que muchos de los que se benefician de Cáritas pueden no disponer de dinero para el bus para ir a la nueva ubicación del local de Cáritas ?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RESPOSTA DO GOBERNO.

Como vostedes saben, Cáritas é unha entidade que depende da Igrexa Católica, polo que o traslado dese servizo a outro emprazamento é unha decisión da parroquia, e non do Concello por carecer de competencias para elo. Segundo se nos comunicou cando nos interesamos polo tema, a decisión do traslado non se debe á falta dun local, senón á intención da parroquia de centralizar ese servizo como parte da “Unidad Pastoral” posta en marcha fai uns anos, polo que ao igual que fixemos dende o Goberno Local, deberían vostedes dirixirse á parroquia para trasladar as súas inxedanzas a este respecto. Dende o Grupo de Goberno xa o fixemos.

5. APARCAMIENTO GASOLINERA

Para acceder a él puedes hacerlo según sales de la rotonda ya que hay raya discontinua provocando muchas veces un atasco en dicha rotonda y así perjudicando la fluidez del tráfico....

¿Han estudiado la posibilidad de dejar solo entrar dando la vuelta?

RESPOSTA DO GOBERNO.

O acceso ao aparcadoiro faise dende a avenida de Ricardo Sánchez, unha vía que non é de titulariedade municipal, senón que se trata dunha estrada de titulariedade autonómica polo que a regulación da sinalización, accesos, etc; depende da Consellería de Infraestruturas, non do Concello.

Non se presentan preguntas por parte do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e dezasete minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de día 28.09.2022, segundo o borrador asinado o día 21.09.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

